

AS INSTALACIÓNS DO GRUPO ALUDEC EN PONTE CALDELAS ACOLLEN UNHA NOVA CAMPAÑA DE DOAZÓN DE SANGUE

Os traballadores e traballadoras do Grupo Aludec en Ponte Caldelas poderán doar este luns 22 de xuño na unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) que estará no aparcadoiro de Aludec Stamping das 09:30 ás 14:30 horas. O martes 23, en horario das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas, poderán doar as persoas que acudan ata a unidade móbil estacionada no aparcadoiro fronte a Aludec Componentes.

A Axencia comezou no ano 2019 a visitar as instalacións da empresa pontevedresa, acumulando 357 doazóns de sangue. ADOS quere agradecer á dirección do Grupo Aludec as facilidades brindadas para o desenvolvemento das campañas de doazón de sangue, agradecemento que fai extensivo aos traballadores e traballadoras que participan activamente nas mesmas.